

GUÍA

DE BOAS PRÁCTICAS
AMBIENTAIS XERAIS

OBRAS



Deputación
Pontevedra

Pontevedra, 13 de febreiro de 2020

Ante a situación de emerxencia climática, unha das cuestións máis urxentes que ten a nosa sociedade é darlle a necesaria resposta ao imparable cambio climático. Por iso, a **Deputación de Pontevedra** asumiu como prioritario contribuir a este gran reto global.

A institución provincial converteu a transición ecolóxica nun obxectivo transversal da acción de goberno; por este motivo, implantouse un sistema de xestión ambiental no Pazo provincial, que inclúe todos os servizos situados neste edificio: **Arquitectura; Asesoría Xurídica; Comunicación Institucional; Contratación, Facenda e Patrimonio; Cultura; Deportes; Intervención; Medio Ambiente; Prevención de Riscos Laborais; Recursos Humanos e Formación; Secretaría Xeral; e Tesourería.**

O sistema de xestión implantado demostra o compromiso da **Deputación de Pontevedra** coa mellora continua do comportamento ambiental e co cumprimento dos seguintes principios:

- **Garantir que se cumpran os requisitos legais** e outros que a institución subscriba no relativo á xestión ambiental.
- **Sensibilizar e formar** permanentemente as persoas para motivalas a que se sumen a este desafío imparable no que todas e todos somos necesarios.
- **Protexer o medio:**
 - o Minimizando o impacto ambiental dos nosos servizos:
 - Cun uso sostible dos recursos.
 - Coa redución das emisións atmosféricas.
 - Mediante a segregación en orixe dos residuos xerados.
 - o Comprometéndose coa prevención da contaminación.
- **Establecer obxectivos e accións** de mellora alcanzables. Dotar os servizos dos medios e recursos necesarios para conseguilos.

A presidencia da Deputación de Pontevedra comprométese a desenvolver os compromisos fixados nesta política e no propio sistema de xestión ambiental.

XESTIÓN DOS RECURSOS

- Realiza campañas de información entre o persoal para o aforro enerxético.
- Aproveita ao máximo a luz natural e revisa continuamente os niveis de iluminación.
- Substitúe o sistema de iluminación incandescente por outros baseados en tubos fluorescentes ou lámpadas de sodio.
- Apaga os equipos e as luces que non se estean utilizando.
- Realiza o mantemento e revisión dos vehículos e da maquinaria.
- Organiza e optimiza o movemento da maquinaria para aforrar combustible.



CONSUMO DE AUGA

- Instala dispositivos limitadores de presión e difusores.
- Optimiza o uso na rega de camiños ou curado de estruturas.
- Limpa as zonas de almacén asfaltadas mediante varredoras mecánicas para aforrar auga.
- Solicita a realización de inspeccións das instalacións de fontanería para detectar fugas.
- Utiliza sistemas de lavado mediante auga a presión ou túneles para a maquinaria e os vehículos.



PRODUTOS

- Elixe materiais, produtos e provedores con certificación ambiental.
- Acorda cos provedores a redución de envases e a posibilidade de devolver os materiais sobrantes e embalaxes.
- Utiliza materiais de construción extraídos de fontes próximas.
- Elixe materiais procedentes de recursos renovables e obtidos por medio de procesos respetuosos co medio.
- Reutiliza materiais de cascallos e derribas.
- Usa, sempre que sexa posible, pinturas e tinturas con base de auga e evita as baseadas en disolventes.
- Evita o uso de produtos dun só uso e prioriza os elementos que se poidan recargar.
- Cumpre os requisitos de almacenamento de cada material, manténdoo protexidos de choivas, ventos e temperaturas extremas.
- Mantén os produtos perigosos illados e ben pechados para evitar derrames.

RESIDUOS



REDUCE



REUTILIZA



RECICLA

XESTIÓN DE RESIDUOS

- Recolle información sobre as características dos residuos para a súa correcta xestión, controlando as cantidades en orixe, o seu destino e os custos asociados ao seu manexo.
- Xestiona os residuos para facilitar a súa recuperación.
- Reduce os residuos en cantidade e perigosidade.
- Fomenta a recollida selectiva, separando os residuos e acondicionando un colector para cada tipo.
- Realiza unha correcta etiquetaxe dos residuos almacenados, na que se indique a súa perigosidade.
- Acondiciona zonas para o almacenamento temporal de residuos que eviten derrames, verteduras e mesturas de residuos perigosos.
- Realiza o transporte e xestión dos residuos a través de transportistas e xestores autorizados.

Os residuos perigosos necesitan unha xestión especial. Algúns exemplos son as pilas e baterías, restos de pinturas, aceites usados de motor, aparellos eléctricos e electrónicos e produtos químicos e os seus envases

CONTAMINACIÓN

- Evita a mala utilización e o malgasto de maquinarias e equipos.
- Utiliza os produtos de limpeza nas cantidades mínimas recomendadas polo fabricante para reducir o risco de contaminación da auga.
- Realiza as operacións de mantemento da maquinaria e vehículos en talleres adecuados.
- Estabiliza as pistas de acceso á edificación para evitar a emisión de po.
- Instala silenciadores nos equipos móbiles.
- Reduce a velocidade de circulación.
- Controla o nivel de emisión de ruídos derivados da actividade e respecta os horarios establecidos legalmente.



XESTIÓN DO ESPAZO

- Coñece ben a normativa territorial do lugar no que se vaia construír e sé estrito no seu cumprimento.
- Valora as posibles perturbacións sobre a paisaxe.
- Identifica os efectos directos e indirectos sobre a flora e fauna.
- Recupera a capa de vexetación tras os movementos de terra.
- Non ocupes cos materiais zonas críticas para o medio.
- Constrúe barreiras que eviten a erosión dos solos descubertos.
- Evita a compactación de solos.
- Evita a provisión de áridos en zonas inadecuadas.
- Non levantes barreiras que impidan o paso de fauna silvestre.
- Estuda rutas alternativas ao tráfico de vehículos pesados para evitar o impacto ambiental nas zonas anexas ás obras.
- Restaura o terreo ao finalizar cada obra.

Fontes:

- *Manual de buenas prácticas ambientales en la familia profesional: edificación y obras públicas*. Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales, Unidad Administradora del Fondo Social Europeo e Instituto Nacional de Empleo



**Deputación
Pontevedra**